



RESOLUCIÓN DEFINITIVA de 12 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a listaxe de centros docentes seleccionados para desenvolver no curso 2019/20 o programa *Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade*.

A Convocatoria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a selección de centros docentes de educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que desexen participar no programa "Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade", de 30 de abril de 2019, establece as bases para a selección destes centros.

Unha vez rematado o procedemento de selección establecido na citada convocatoria, cómpre facer pública a relación de centros que son autorizados para o desenvolvemento do programa e os centros excluídos.

A base décima da citada Convocatoria determina que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará a selección dos centros no Portal Educativo e comunicarllela por correo electrónico a todos os centros solicitantes.


En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLVE:

Autorizar os centros educativos que se relacionan no anexo desta resolución para o desenvolvemento de programas dirixidos á mellora do éxito escolar.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2019




Manuel Corredoira López



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

Resolución dos centros seleccionados para desenvolver no curso 2019/20 o programa *Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade.*

Seleccionados:

CEIP PIO XII ,Santiago de Compostela
CEIP Ponte de Brozos, Arteixo
CEIP Alborada, A Coruña
CEE Nosa Señora do Rosario, A Coruña
CPI Alcalde Xosé Pichel, Coristanco
CEIP Plurilingüe Virxe do Mar, Narón
CEIP Plurilingüe. San Xoán de Figueira, Ferrol
CEIP Rosalia de Castro, Lugo
CEIP Lagostelle de Guitiriz
CEIP Virxe de Covadonga, Ourense
IES de Montecelo, Pontevedra
IES De Barro, Barro
CEIP Nosa Señora das Dores, Forcarei
CEIP Viñagrande Deiro , Villanueva de Arosa
CEIP Plurilingüe. Manuel Sieiro, Pontevedra
CEIP de Reboreda , Redondela
CEIP Santa Mariña,Vigo
IES de Mos, Mos